

## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE LUGO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA XXIV EDICIÓN DO ARDE LUCUS

Santiago de Compostela,

### Reunidos

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Por outra, D. Miguel Fernández Méndez, Alcalde do Concello de Lugo, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

E doutra, D. Lino Comesaña Calvo, en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en adiante ABANCA, con domicilio social na cidade de Betanzos, A Coruña, rúa Cantón Claudino Pita, nº 2, na súa calidade de Director de Negocio Institucional en Galicia, Asturias e León.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

**EXPOÑEN**



**Primeiro.** - Que o 18 de xuño de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o Concello de Lugo e ABANCA Corporación Bancaria, S.A., cuxo obxecto é establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da XXIV edición do Arde Lucus.

**Segundo.** - Que na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, na cláusula sétima establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 30 de outubro de 2025.

**Terceiro.** - Que o 9 de outubro de 2025 o Concello de Lugo solicita unha modificación do Anexo I do convenio (Orzamento), indicando que aínda que os conceptos que figuran no Anexo I do convenio se realizaron en tempo e forma, o concepto "Infraestrutura eléctrica" non é posible a súa xustificación en prazo, polo que, aos efectos de non demorar a xustificación do dito convenio e cumprir coas obrigas impostas ó Concello, se solicita a modificación do dito Anexo I.

Asemade a dita solicitude leva aparellada a modificación do cláusula segunda do convenio, xa que tamén se modifica o seu orzamento estimado.

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto.**

Modifícase a cláusula segunda e o ANEXO I do convenio, de forma que quedan redactados do seguinte xeito:

### **"Segunda.- Orzamento e financiamento**

1. O orzamento estimado para as actuacións vinculadas ao apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, ascende a 69.235,06 € (IVE incluído), cuxo desagregamento se establece no Anexo I que forma parte integrante do convenio.



Deste orzamento a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.1, proxecto 2017 00005 "Axudas a festas de interese turístico e outras accións promocionais", cunha achega de 40.000,00 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. A achega da Axencia fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do orzamento estimado, aos efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor do concello unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención."

#### ANEXO I

CONCEPTO	TOTAL
Servizo de vixilancia, seguridade e control	33.235,06 €
Contratación de subministracións en réxime de aluguer de instalación dun campamento romano e programa de actividades para as festas do Arde Lucus 2025 na Praza Maior (Asociación Cohors III Lucensium)	24.000,00 €
Contratación da instalación dun campamento romano e programa de actividades para as festas do Arde Lucus 2025 no aparcadoiro do Seminario (Asociación Lucus Equites)	12.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>69.235,06 €</b>



## **Segunda.- Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais**

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

## **Terceira. Condicións**

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asíana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia  
O director

Polo Concello de Lugo  
O alcalde

José Manuel Merelles Remy

Miguel Fernández Méndez





//ABANCA

galicia

Por ABANCA

O Director de Negocio Institucional en Galicia, Asturias e León

Lino Comesaña Calvo

